

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

**16032** *Real decreto 785/2021, do 7 de setembro, sobre o control da explotación das autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor.*

O Real decreto 1076/2017, do 29 de decembro, polo que se establecen normas complementarias ao Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, en relación coa explotación das autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor, estableceu, no seu artigo 2, sobre medidas de control en relación coa actividade de arrendamento con condutor, a obriga de comunicar electronicamente á Administración determinados datos relativos aos servizos.

O citado artigo foi declarado nulo polo Tribunal Supremo nas sentenzas 332/2020, do 6 de marzo, e 349/2020, do 10 de marzo. De acordo co que indica en ambos os casos nos fundamentos de dereito sétimos, considérase desproporcionado e contrario a dereito na medida en que inclúe os datos persoais dos usuarios, información que resulta irrelevante para o fin que se persegue, polo que se crea unha base de datos que permite establecer padróns de conduta en relación coa mobilidade e a utilización do servizo deste transporte urbano de persoas físicas perfectamente identificadas.

Consecuentemente, procede establecer as medidas de control da prestación dos servizos indicando os datos que deben ser comunicados electronicamente á Administración para estes efectos, de maneira que queden excluídos aqueles datos que se refiren aos usuarios dos servizos.

A posibilidade de contratar servizos de transporte en vehículos de turismo na vía pública está legalmente reservada aos titulares da licenza de taxi e é necesario constatar que os servizos de arrendamento con condutor foron previamente contratados en cumprimento da lexislación vixente. A esta finalidade débese a necesidade de dispoñer dos datos identificativos do arrendador e do contrato. Estes datos considéranse indispensables para acreditar a efectiva contratación dos servizos e a súa exixencia é proporcionada: a remisión non lles supón ningunha dificultade ás empresas, posto que dispoñen deles electronicamente e non se aprecia unha alternativa menos gravosa.

Así mesmo, requírense datos dos intermediarios para constatar que están debidamente autorizados para iso, dado que a intermediación na contratación de servizos de transporte público incumprindo os requisitos necesarios constitúe infracción administrativa moi grave, de acordo co disposto no artigo 140.16 da Lei de ordenación dos transportes terrestres, así como a contratación con operadores non autorizados, en virtude do disposto no artigo 140.17 da dita lei e 197.18 do seu regulamento.

En relación cos contratos, requírense o lugar, a data e a hora da súa subscripción, así como o lugar, a data e a hora en que se deba iniciar o servizo e a matrícula do vehículo, co cal se persegue comprobar que se subscribiron previamente e coa antelación exixida pola normativa que resulte de aplicación. Coa exixencia do lugar e da data en que deberá concluír o servizo, trátase de comprobar, ademais, se o servizo é de carácter urbano ou interurbano, pois a normativa a que estará sometido nun e noutro caso pode ser diferente de acordo co disposto no Real decreto lei 13/2018, do 28 de setembro, polo que se modifica a Lei de ordenación dos transportes terrestres.

Por outra banda, tamén se tivo en conta que algúns servizos de arrendamento con condutor son contratados por empresas, administracións e particulares para prestar a unha persoa ou persoas concretas os servizos que estas requiran durante un período de tempo. Nestes casos, é imposible que a empresa arrendadora coñeza con antelación o lugar de terminación do servizo. Por esta razón, prevese que se poida omitir a

identificación do lugar de terminación do servizo sempre que se contrate expresamente que será determinado libremente polo cliente durante a prestación do servizo.

En virtude do disposto na disposición transitoria única do Real decreto lei 13/2018, do 28 de setembro, incluíuse entre os datos que se deberán notificar electronicamente o do lugar máis afastado da orixe e destino do servizo cando estes estean situados no mesmo lugar. A comunicación deste dato exíxela a citada disposición transitoria para os efectos de comprobar a habitualidade da prestación do servizo na comunidade autónoma en que estea domiciliado e deberase realizar electronicamente ata que remate o prazo establecido na referida disposición transitoria, momento a partir do cal a exigencia da habitualidade quedará substituída pola de que a orixe do servizo estea situada na correspondente comunidade autónoma.

Ningún dos datos exixidos ás empresas require que estas realicen un esforzo especial e, en todos os casos, trátase de datos que teñen dispoñibles para a súa xestión ordinaria. Tampouco se aprecia que haxa unha alternativa menos gravosa. Ademais, unha vez que estea operativo o novo sistema de comunicación electrónica dos datos, desaparecerá a actual folla de ruta, aínda que para iso é necesario, ademais, que entre en vigor a lei pola que se modifica a Lei de ordenación dos transportes terrestres, en relación coas infraccións relativas ao arrendamento de vehículos con condutor, actualmente en trámite no Congreso dos Deputados. Unha vez que estea operativo o Rexistro de Comunicacións dos Servizos de Arrendamento con Condutor e entre en vigor a modificación do réxime sancionador nesta materia, desaparecerá a actual obriga de cubrir e conservar a folla de ruta.

A elaboración da norma foi o resultado dun forte proceso participativo de acordo co principio de transparencia, no cal se cumpriron os trámites de audiencia e información pública, se recadaron, entre outras, a opinión do Comité Nacional do Transporte por Estrada, no cal se integran todas as organizacións do sector que acreditaron unha representatividade suficiente ante a Administración, así como das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla.

Este real decreto é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Do exposto nos parágrafos anterioresponse de manifesto o cumprimento dos principios de transparencia, necesidade e eficacia, tendo en conta que se dá resposta á necesidade de contar coa información suficiente para poder comprobar o cumprimento da lexislación vixente que regula a actividade de arrendamento de vehículos con condutor e, todo iso, a través de medios electrónicos; igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica en canto que o real decreto é coherente coa normativa aplicable. Finalmente, respecto ao principio de eficiencia, o uso de medios electrónicos simplifica a actividade das empresas e dos órganos competentes na materia.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de setembro de 2021,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Medidas de control.*

Para efectos de control, os titulares de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor, antes do inicio de cada servizo concreto que realicen ao abeiro das ditas autorizacións, deberán comunicar á Administración, por vía electrónica, os seguintes datos:

- a) Nome e número de identificación fiscal do arrendador.
- b) Nome e número de identificación fiscal do intermediario.
- c) Lugar, data e hora de subscrición do contrato.

d) Lugar, data e hora en que se inicie o servizo e lugar e data en que deberá concluír.

Poderase omitir a identificación do lugar de finalización do servizo cando o contrato sinala expresamente que o dito lugar será libremente determinado polo cliente durante a prestación do servizo.

e) Matrícula do vehículo.

f) No caso de que o servizo se deba iniciar e finalizar no mesmo lugar, deberase indicar o punto do percorrido máis afastado dese lugar, para os únicos efectos da disposición transitoria primeira.2.

## Artigo 2. *Rexistro de Comunicacións dos Servizos de Arrendamento de Vehículos con Conductor.*

Os titulares das autorizacións de arrendamento con condutor deberán dirixir as súas comunicacións ao rexistro habilitado para o efecto pola Dirección Xeral de Transporte Terrestre.

O titular da Dirección Xeral de Transporte Terrestre, mediante resolución publicada no «Boletín Oficial del Estado», anunciará a posta en funcionamento do rexistro e concretará a forma en que se deberán realizar as ditas comunicacións, así como as persoas que poderán enviar os datos ao rexistro para estes efectos e a maneira de realizalo.

### Disposición transitoria primeira. *Comunicacións á Administración.*

1. Os titulares de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor deberán dirixir á Administración as comunicacións a que fai referencia o artigo 1 deste real decreto unha vez que se encontre operativa a aplicación informática de xestión do rexistro das ditas comunicacións, o que deberá ser anunciado pola Dirección Xeral de Transporte Terrestre dentro do prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

2. O disposto no artigo 1.f) unicamente será exixible mentres estea en vigor o prazo previsto na disposición transitoria única do Real decreto lei 13/2018, do 28 de setembro, polo que se modifica a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, en materia de arrendamento de vehículos con condutor.

### Disposición transitoria segunda. *Mantemento temporal da folla de ruta.*

Malia o disposto na disposición derogatoria, os artigos 23 e 24 da Orde FOM/36/2008, do 9 de xaneiro, pola que se desenvolve a sección segunda do capítulo IV do título V, en materia de arrendamento de vehículos con condutor, do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, continuarán vixentes ata que estea operativo o rexistro de comunicacións a que se refire a disposición anterior e entre en vigor a lei pola que se modifica a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, en materia de infraccións relativas ao arrendamento de vehículos con condutor.

### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 1076/2017, do 29 de decembro, polo que se establecen normas complementarias ao Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, en relación coa explotación das autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor.

2. Quedarán suprimidos os artigos 23 e 24 da Orde FOM/36/2008, do 9 de xaneiro, pola que se desenvolve a sección segunda do capítulo IV do título V, en materia de arrendamento de vehículos con condutor, do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución en materia de transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación legal.*

O disposto neste real decreto dítase ao abeiro da habilitación legal contida na disposición adicional sétima da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de setembro de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana  
RAQUEL SÁNCHEZ JIMÉNEZ